

TEXTO CONSOLIDADO

GUÍA PARA A PRESENTACIÓN DO TFG

(Aprobado pola Comisión de Docencia/Título o 27 de Setembro de 2013) (Modificada pola
Comisión de Docencia/Título o 19 de setembro de 2014)
(Modificada pola Comisión de TFG o 3 de outubro de 2019)

A Guía para o Traballo Fin de Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos céntrase en describir os aspectos formais da presentación escrita do mesmo. Por tanto, mediante esta Guía preténdese informar as características e aspectos formais da presentación do Traballo que hai que realizar para optar ao Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e que incluírá como mínimo tarefas de procura e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, redacción e presentación. (Guía E.U. RRL Lugo)

1. Organización e presentación do traballo

A estrutura dos traballos de Fin de Grao adecuarase aos apartados apuntados nesta Guía.

Dado o carácter persoal que ten o TFG, non se propón ningún esquema pechado de desenvolvemento sendo cada alumno co seu director os que deseñen o traballo.

O alumno deberá comprobar previamente á defensa do TFG a compatibilidade dos medios de presentación que vai empregar.

Neste apartado ímonos a referir aos aspectos formais que debe reunir o Traballo de Fin de Grao.

1.2. Estrutura

Os TFG terán unha extensión mínima de 8.000 palabras e máximo de 12.000 que deberán estruturarse, de acordo co establecido no artigo 15 do Regulamento, nos seguintes apartados:

- Portada (ver anexo 1), na que constará o seguinte:
 - Logotipo da facultade
 - Traballo fin de grao / Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
 - Título completo do traballo
 - Autor/a
 - Titor/a
 - Ano Académico de presentación e oportunidade

O color da portada será: RGB (R21-G119-B1)

- Primeira páxina (ver anexo 2), na que aparecerán os mesmos datos que na portada, debendo constar o título en galego, español e inglés. Incorporarase tamén a sinatura do/a alumno/a.
 - Color da primeira e restantes páxinas do traballo será branco.
- Índice de contidos (capítulos, apartados, táboas,...)
- Breve resumo (entre 200 e 300 palabras)
- Introducción, na que se fará referencia ós obxectivos do TFG
- Contidos
- Conclusións
- Bibliografía utilizada

1.3. Encadernación

Espiral ou canutillo.

1.4. Formato

- Paginación: o traballo realizarase a unha soa cara e numeraranse na marxe inferior dereito.
- Formato:
- Marxes:
 - Izquierdo: 3 cm.
 - Dereito: 3 cm.
 - Superior: 2,5 cm.
 - Inferior: 2,5 cm.
- Espazo interlineal: 1,5 liñas
- Espazo anterior: Auto
- Espazo posterior: Auto
- Tipo de letra: Arial
- Tamaño de letra: 11 puntos
- Aliñación: Xustificada completa

1.4. Notas ao pé

Non se permiten.

1.5. Citas e referencias bibliográficas

- ***Citas no texto***

Todas as citas bibliográficas no texto deberán utilizar un criterio uniforme e ser reflexadas nas referencias bibliográficas ó final do TFG.

- ***Referencias bibliográficas***

As referencias bibliográficas ó final do traballo deben utilizar un formato uniforme e irán alfabéticamente ordenadas.

1.6. Idioma

O TFG poderá ser redactado en castelán ou en galego

1.7. Anexos

O TFG poderá contar con anexos de complemento do mesmo que se ubicarán ao final do traballo e deberán estar numerados con números arábigos. Non se computarán no número total de palabras esixidas.

En Lugo, a 9 de outubro de 2019

DILIXENCIA
Para facer constar que a presente guía foi publicada no taboleiro de anuncios da Escola o día 17 de Outubro de 2019

ANEXO I



ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS
LABORAIS (LUGO)

TRABALLO DE FIN DE GRAO

GROA EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

Título de Traballo Fin de Grao

Aurtor/a: Nome Apelido Apelido
Titor/a: Nome Apelido Apelido

Lugo

Ano académico 2019/2020 – Oportunidade de xaneiro/ xullo/ setembro

ANEXO II

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**GROA EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS
POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Título (en galego)

Título (en castelán)

Título (en inglés)

Aurtor/a: Nome Apelido Apelido

SINATURA

Titor/a: Nome Apelido Apelido

Lugo

Ano académico 2019/2020 – Oportunidade de